

Gasto dos non residentes en Galicia. Segundo trimestre de 2008

NOTA DE PRENSA

No segundo trimestre de 2008 os viaxeiros non residentes que se aloxaron en establecementos hoteleiros galegos gastaron de media 115,5 euros por persoa e día

Segundo os datos da operación estatística "Gasto dos non residentes en Galicia", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os viaxeiros non residentes en Galicia que no segundo trimestre de 2008 se aloxaron nalgún establecemento hoteleiro de Galicia gastaron de media 115,5 euros por persoa e día na nosa comunidade. O gasto total dos non residentes ascendeu a 150,2 millóns de euros, o que supón arredor 1% do Produto Interior Bruto trimestral a prezos correntes de Galicia. As maiores partidas de gasto destináronse ao aloxamento (36,9% do total de gasto) e a restaurantes (30,3%).

Gasto dos non residentes segundo o concepto de Gasto. Galicia. Segundo trimestre de 2008

| Concepto | Gasto total (miles de euros) | Distribución porcentual do gasto (%) |
|-------------------|------------------------------|--------------------------------------|
| Total | 150.237 | 100,0 |
| Aloxamento | 55.363 | 36,9 |
| Restaurantes | 45.515 | 30,3 |
| Paquete turístico | 14.508 | 9,7 |
| Desprazamentos | 13.471 | 9,0 |
| Agasallos | 12.236 | 8,1 |
| Ocio | 5.159 | 3,4 |
| Comida comercios | 2.106 | 1,4 |
| Outros | 1.878 | 1,3 |

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por provincia

Os viaxeiros non residentes aloxados en establecementos hoteleiros da provincia da Coruña gastaron case 78 millóns de euros, o que supón a metade do gasto total dos non residentes. A continuación atópanse os viaxeiros aloxados en Pontevedra que contribuíron co 34% do total do gasto.

No tocante ao gasto diario medio por viaxeiro, o máis alto deuse na provincia da Coruña (135,5 euros) e o máis baixo en Ourense (76,3 euros).

Gasto dos non residentes segundo a provincia do establecemento. Segundo trimestre de 2008

| Provincia do establecemento | Gasto total | | Gasto diario medio por persoa (euros) |
|-----------------------------|----------------|-----------------------------|---------------------------------------|
| | Miles de euros | Distribución porcentual (%) | |
| Galicia | 150.237 | 100,0 | 115,5 |
| A Coruña | 77.923 | 51,9 | 135,5 |
| Lugo | 15.197 | 10,1 | 105,7 |
| Ourense | 6.033 | 4,0 | 76,3 |
| Pontevedra | 51.084 | 34,0 | 101,7 |

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Datos por categoría

O 36,4% do gasto total dos non residentes en Galicia procede de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 4 estrelas. Os establecementos de 1 e 2 estrelas supoñen o 29,5%, os de 3 estrelas o 26,8% e o 7,2% restante corresponde a viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 5 estrelas.

En canto ao gasto diario medio por persoa o máis elevado correspondeu aos establecementos hoteleiros de 5 estrelas (174,4 euros), mentres que nos establecementos de menor categoría (1 e 2 estrelas) este gasto foi de 90,6 euros.

Gasto dos non residentes segundo a categoría do establecemento. Galicia. Segundo trimestre de 2008

| Categoría do establecemento | Gasto total | | Gasto diario medio por persoa (euros) |
|-----------------------------|----------------|-----------------------------|---------------------------------------|
| | Miles de euros | Distribución porcentual (%) | |
| Total | 150.237 | 100,0 | 115,5 |
| 1 e 2 Estrelas | 44.332 | 29,5 | 90,6 |
| 3 Estrelas | 40.338 | 26,8 | 114,9 |
| 4 Estrelas | 54.731 | 36,4 | 137,5 |
| 5 Estrelas | 10.835 | 7,2 | 174,4 |

Fonte: IGE. Gasto dos non residentes en Galicia

Nota: Datos provisionais

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_turismo_gasto_non_residentes_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>